

Pequenos dramas anónimos

Unha historia ganduxada de historias

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Sen prolegómenos e de forma serodia entrou hai un ano Manuel Portas nos eidos da creación literaria. Foi coa súa primeira novela, *Denso recendo a salgado*, que recibimos como unha realidade literaria xa consolidada. Recunha agora con *Un dedo manchado de tinta*, unha novela cunha estrutura singular e innovadora: ganduxada co fío e a agulla de cinco historias que o lector empeza a ler sen se decatar de que entre elas hai unha relación aparente, subterránea quizais, que reflicte esa condición estocástica da vida nunha xeografía urbana como a cidade de Santiago, onde conflúen e interactúan, vidas anónimas, mundos ateigados de experiencias comúns ou dramáticas. Advértello ao lector testán, xa desde os prolegómenos, o alter ego do escritor: isto non é unha novela, ou polo menos non é unha novela ao uso. Xa que logo, unha das poucas fórmulas narrativas innovadoras, experimentais e con trazos metanarrativos, que cómpre ensaiar no nos país, aínda que se corran riscos e xurda un cadoiro de interrogantes e pasmos nalgunha crítica.



As cinco historias desenvólvense en cadanseu capítulo, ao xeito de novelas breves. Unha pluralidade de voces que acoden e acoutan o xogo da realidade e da imaxinación e reflicten a diversidade social que se

atopa en calquera das nosas cidades. Novela de personaxes que converten, porén, esta achega de Manuel Portas nunha peza coral que reivindica a humanidade daqueles que nunca ou case que nunca foron tratados como seres humanos e que teñen conciencia de que a felicidade é algo alieo as súas existencias. Tal é o vivir de Alberte, o funcionario municipal, teimudo na busca dos familiares dos vellos emigrantes galegos; o de Malulú, o emigrante senegalés, vendedor ambulante que só pola cor da súa pel se ve enleado nun asunto criminal; tamén as duras experiencias no cárcere dun home acusado de violar a unha menor, filla da súa parella e a dramática decisión desta de crer á filla ou ao home do que está namorada. Ou a vivencia doutra nai, a sindicalista Cristina, comprometida coa xustiza e coa verdade nun despido improcedente. Finalmente, os riscos extremos dunha avogada e investigadora privada nun asunto de corrupción nunha recualificación urbanística. Heroes ou antiheroes de pequenos dramas anónimos que comparten afectividades desbaratadas, fracasos existenciais e radiografan biografías de seres do común. As súas aventuras/desventuras convéntense, no conxunto desta peza, en fraccións vitais dunha novela sobre a vida, moi existencial, narrada con frescura e asemeade profundidade.

PORTAS, Manuel, Un dedo manchado de tinta, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 18,50 €